# Anexo V. Programación das Actividades Complementarias e Extraescolares

**Actividades complementarias e extraescolares. Curso 2020-2021**

A realización das actividades que a seguir se enuncian está condicionada pola situación en que nese momento se encontre a evolución da pandemia. As actividades organizadas no centro deben respectar o indicado no Plan de Adaptación á situación Covid 20-21. As actividades organizadas que supoñan saída do centro só se realizarán a partir da existencia dun protocolo individualizado para cada unha delas, e en todo caso respectando as indicacións do Plan de Adaptación arriba citado.

**Departamento de Lingua Galega**

Este tipo de actividades están destinadas a contribuír á formación integral do alumnado e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Realízanse en horario lectivo e forman parte da programación.

O Departamento de Lingua e Literatura ao formar parte do Equipo de Normalización Lingüística do centro, asume como actividades nas que colaborar as presentadas polo ENDL. Tamén colabora coa Biblioteca participando na organización das diferentes actividades que se programan desde a mesma.

Todas as actividades que aquí figuran son propostas que terán que verificarse ao longo do curso, de xeito que é posible que nalgúns casos, ou ben non poidan realizarse, ou ben sexa preciso o seu cambio por unha nova actividade que xurda no proceso do curso.

1º Trimestre

- Participación do alumnado nas diferentes actividades que se organicen con motivo do Día das Bibliotecas, o Día da Ciencia en galego e o 25 N e 8 M
- Exposición dun tapiz realizado polo colectivo feminista Deza Tabeirós sobre o universo rosaliano.

2º Trimestre/ 3º Trimestre

- Participación do alumnado no concurso de microrrelatos e micropoemas organizado por Dinamizaestrada (Cordinadora de EDL dos Centros de Ensino da Estrada)
- Actividade dirixida ao alumnado de bacharelato impartida por Clara Iglesias sobre a toponimia na Estrada
- Organización de actividades para conmemorar o centenario da revista *Nós* e do xornal da Estrada *El emigrado*
- Organización de actividades para conmemorar o día de Castelao, o día de Rosalía e o día das Letras galegas.

**Departamento de Ciencias Naturais**

1º trimestre

- Participación no proxecto “Vigilantes del aire”. Alumnado de diferentes cursos.

2º trimestre/3º trimestre

Charlas Programa Ponte USC

- Picar en óso, para 1º BCH, grupo de Anatomía aplicada (19 alumnos)
- As defensas do noso corpo, 2º Bach, grupo de bioloxía (10 alumnos)
- Outras en colaboración co Departamento de Física (Ver)

**Departamento de Lingua Castelá**

O Departamento de lingua castelá e literatura propón levar a cabo seguintes actividades co alumnado de 1º e 2º da ESO:

- Realizar unha videoconferencia o 21 de decembro, nas sesións de Lingua castelá e literatura coa científica do CENTRO MÉDICO DE TEXAS (Houston – Estados Unidos) Sonia Villapol, natural de Bretoña (Lugo) e que forma parte dun equipo de investigación internacional da COVID 19. Esta investigadora traballa cun grupo de científicos de 28 institucións punteiras en todo o mundo que aspira a mellorar o coñecemento do virus e a alcanzar avances terapéuticos.
- Realizar un proxecto de investigación e intercambio cultural telemático co IES RAMÓN CABANILLAS, de Cambados e co COLLÈGE DE DOMFRONT (Francia) ao longo dos tres trimestres deste curso 2020/21.

**Departamento de Matemáticas.**

1º trimestre

- Realizar unha videoconferencia o 21 de decembro, nas sesións de Lingua castelá e literatura coa científica do CENTRO MÉDICO DE TEXAS (Houston – Estados Unidos) Sonia Villapol, natural de Bretoña (Lugo) e que forma parte dun equipo de investigación internacional da COVID 19. Esta investigadora traballa cun grupo de científicos de 28 institucións punteiras en todo o mundo que aspira a mellorar o coñecemento do virus e a alcanzar avances terapéuticos.

**Departamento de Física e Química**

1º trimestre

- Participación na programación de actividades “Mes da ciencia en galego”

2º trimestre/3º trimestre

Charlas temáticas. Programa USC A Ponte (Actividades solicitadas, pendentes de confirmación)

- Que hai detrás da luz polarizada?, Raúl de la Fuente Carballo, Facultade de Física, USC. 2º BACH A Ciencias. 24/02/2021

- De onde sae un medicamento? Luis Miguel Botana López, Facultade de Veterinaria, USC. 4º ESO. 14/01/2021
- A QUÍMICA fronte ao reto das SÚPER-BACTERIAS, Concepción González Bello, Facultade de Química, USC 1º BACH 05/03/2021
- COVID-19: Historia dunha pandemia. Lecciónes por aprender, Alberto José Coelho Cotón, Facultade de Farmacia, USC. 4º ESO. 18/02/2021
- Modificación xenética de plantas: do neolítico ao século XXI, Javier Sampedro Jiménez, Facultade de Bioloxía, USC. 1º BACH Ciencias. 09/04/2021
- La maravillosa Historia del descubrimiento de fármacos, Alberto José Coelho Cotón, Facultade de Farmacia, USC. 4º ESO (en principio) 27/05/2021
- A importancia da serendipia na investigación química, Diego Peña, Facultade de Química, USC. 4º ESO. 29/04/2021

Outras actividades:

- Charla ou actividade polo día da muller e a nena na ciencia. Estamos anotados na plataforma11defebreiro.org. 11/02/2021
- Masterclass de Física de Partículas para alumnas polo día da nena e a muller na ciencia. IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías) USC-Santiago. 2º BACH A (3 alumnas) 11/02/2021
- Charla Benito López, facultade de Minas da UVigo. "Física recreativa" Bacharelato de Ciencias Preferencia: 2º BACH A Física. 18/02/2021
- Masterclass de Física de Partículas IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías) USC-Santiago 2º BACH A (3 alumn.)

**Departamento de Xeografía e historia.**

2º trimestre/3º trimestre

- Viaxe a Compostela. CGAC. 1º BAC
- Ruta pola Estrada: Fábrica da luz. 1º BAC e 4º ESO
- Visita ao Parque arqueolóxico de Campolameiro. 1º ESO
- Exposición España s. XX. Escenas do traballo. Fundación 10 marzo.
- Exposición As mulleres tamén emigran. Fundación 10 marzo
- Ruta do Románico (2º ESO)
- Visita a Compostela. Casco Antigo e CGAC. 2º BAC (Hª da Arte)

- Visita a Santa Comba de Bande, San Miguel de Celanova, Mosteiro de Celanova e Oseira. 2º BAC (Hª da Arte)
- Exposición De Monterrei a Boborás nos campos nazis. (Asociación Monterrei)
- Charla: República e G.C. en Galicia. (Historiador da USC). 2º BAC, 1º BAC e 4º ESO
- Charla: Emigración e activismo cultural na Estrada no s. XX. Asociación Cultural Vagalumes. 2º BAC, 1º BAC, 3º ESO.
- Exposición: As pontes do río Ulla. Asociación Raiceiros.

**Biblioteca**

1º trimestre

- Colaboración na programación de actividades en :
    - Mes da ciencia en galego
    - Día para a eliminación da violencia contra as mulleres.
- Celebración dos Dereitos Humanos.

2º trimestre

- Participación na organización de actividades en eventos e celebracións como:
    - Día de Castelao
    - Día de Rosalía
    - Día das Mulleres, 8 de marzo
    - Día da poesía
    - Día do Teatro

3º trimestre

- " Roteiro para coñecer aspectos do patrimonio da Estrada: o románico " para o alumnado de 2º ESO.
- Colaboración na organización de actividades:
    - Día das Artes galegas.
    - Día das Letras galegas.

**Clubs de lectura**

- **Grupos club de lectura:**
    - Alumnado de 1º

- Alumnado de 2º de ESO
- Alumnado 3º ESO, 1º e 2º Bach e profesorado. Cómic
- Alumnado de 4º ESO, 1º e 2º BACH. Lecturas Científicas

- **Coñece a contorna**

Para o curso 2020-2021, desde o equipo da Biblioteca vólvese a propoñer como tema a tratar en todos os trimestres e de maneira interdisciplinar **Coñece a contorna**. Os departamentos implicados e a Biblioteca tratarán este tema nas súas actividades lectoras. A Biblioteca proporcionará os recursos necesarios (en función do orzamento) e fará propostas de actividades aos departamentos e á comunidade educativa en xeral. Continuaremos compartindo este proxecto no blogue onde se irán subindo recursos de interese sobre o tema, tanto os recollidos en fontes alleas, como os materiais que vaian elaborando os distintos departamentos e a propia Biblioteca. Trataremos aspectos como o centenario do xornal El Emigrado, referente da prensa local, e tamén abordaremos a toponimia do noso concello. Se as circunstancias o permiten faremos a ruta do Románico e a ruta das Eléctricas.

- **Hora de ler**

Neste curso, como xa ven sendo habitual, imos facer a HORA DE LER. Trátase de fomentar o hábito lector pero dunha maneira diferente a como facemos na aula ou no club de lectura. É unha lectura en silencio e de maneira reflexiva, con textos adaptados a idade de cada grupo e a madurez de cada alumno. Farase nas aulas seguindo un calendario establecido. A lectura será de unha hora semanal para todos os cursos da ESO. Ao remate da actividade farase unha enquisa para coñecer o grao de satisfacción do alumnado e as propostas de mellora. Neste curso o alumno traerá o libro da súa casa ou tamén pode usar o servicio de préstamo da biblioteca a través do correo electrónico habilitado.

**Outras actividades.**

Obradoiro de concienciación ambiental sobre a producción local e o consumo de proximidade "E ti, de onde comes?" Asociación Camiño Circular da Estrada. 2º trimestre. Grupos por determinar.